

# Máis vale previr que lamentar

O teu corredor de seguros sempre te informa... Se non estás seguro, búscanos

## Xervasio, vou ao ximnasio



En 1976 Gary Gilmore roubou e asasinou 2 persoas en Estados Unidos. Foi condenado a morte fronte a un pelotón de fusilamento. Antes de que lle disparasen dixo: *Let's do it* ("fagámolo").

Unha década despois Nike non acababa de despegar como marca deportiva. A súa axencia de publicidade encontrou inspiración na despedida deste asasino e gravou un anuncio cun corredor de 80 anos e unha apostila ao final que dicía: *Just do it* ("só faino"). O lema aínda perdura e algunhas persoas recórdano cando entran ao ximnasio.

De xaneiro a maio, dispáranse as buscas en Google relacionadas coa saúde, o benestar e a beleza. Queremos cumprir os propósitos de ano novo e estilizarnos para a "operación bikini" de Semana Santa. E apuntámonos ao ximnasio con ese obxectivo, pero e... se te lesionas pedaleando na bicicleta ou cos pesos, quen se fai cargo?

A resposta correcta "depende de se a máquina fallou ou non. Porque se non funcionaba adecuadamente, é responsabilidade do ximnasio. Cando o nocello se torceu por que pisaches mal, o erro foi teu".

En calquera caso, case todas as Comunidades Autónomas esixen un seguro de Responsabilidade Civil previo á licenza de apertura do negocio. E polo tanto a RC do Ximnasio será quen asuma os danos que se poidan causar a terceiras persoas.

Para incrementar a tranquilidade e seguridade dos que teñen un ximnasio, tamén adoitan contratar un Seguro de Multirrisco. Inclúe incendio, gastos de reconstrución, maquinaria, danos por auga... Así a mala sorte nunca se ceba nos seus negocios.

Xa te apuntaches ao ximnasio? A que esperas? Segundo un estudo da revista *Current Biology* ir regularmente ao ximnasio potencia a memoria.

#E2K  
BROKERNET

Red Nacional de Corredores de Seguros

Boletín Mensual  
Nº 72 / Febreiro 2019

## Seguros de Vida e hipotecas: non te deixes coaccionar polo banco

Non nos cansamos de recordalo: os bancos non te poden obrigar a contratar un seguro de Vida vinculado á túa hipoteca. Recólleo unha Directiva Europea (2014/17/UE) e virá recollido na próxima Lei Hipotecaria española.


O banco diche: "contrata con nós estes seguros e reducímosche os xuros da hipoteca". **Mentira!** Os produtos ofrecidos polos bancos adoitan ser máis caros a cambio das mesmas ou incluso menores prestacións. E o que é peor, non ofrecen toda a información necesaria para saber o que estás contratando realmente.

Coa hipoteca non é obrigatorio contratar un Seguro de Vida pois a Lei só obriga a subscribir un Seguro de Fogar con cobertura de Incendios por un importe de reconstrución igual á cantidade que lle debas ao banco.

O Seguro de Vida é moi recomendable para afrontar circunstancias especiais (desemprego, enfermidade) ou falecemento (neste caso, a familia quedaría liberada da carga).

Se queres cancelar os teus seguros co banco porque encontraches mellores opcións tes que enviar un burofax á aseguradora e á entidade financeira con 1 mes de antelación e subscribir outra póliza ese mesmo día.

Así de sinxelo. Como xa sabes, na nosa "Correduría" podemos asesorarte adecuadamente.



## Aforrar non é só gardar, senón saber gastar



Pode ser que a xubilación sexa a idade dourada, vivir tranquilamente sen obrigas, gozando do día a día, non madrugando para ir a traballar. Non obstante, tememos chegar e perder calidade de vida, non poder facer fronte a gastos inesperados, ou mesmo aos gastos habituais. Por iso, é moi importante comezar a aforrar e canto antes mellor.

### 1. Plan de Aforro Sistemático (PIAS).

Foi creado pola Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e o seu obxectivo é ofrecer un instrumento de aforro sistemático cuxas rendas están exentas de pagar impostos sempre que se manteña máis de 5 anos e se perciba en forma de renda vitalicia. Ten un límite máximo de achega de 8.000 € anuais e as primas acumuladas non poderán superar os 240.000 € por contribuínte. É rescatabile de forma total ou parcial dende o primeiro momento, aínda que perdería a súa exención fiscal.

### 2. Seguros Individuais de Aforro a Longo Prazo (SIALP).

A Lei 26/2014, modificou a anterior Lei do IRPF, e creou este novo instrumento de aforro, pero neste caso dirixido a pequenos investidores. A achega non pode superar os 5.000 € anuais, a disposición unicamente poderá ser en forma de capital polo importe total do plan,

non disposicións parciais. Este produto garante que se rescatará polo menos o 85% do diñeiro investido. Exento o IRPF dos rendementos sempre que non se rescate antes dos 5 anos.

### 3. Plans de Previsión Asegurados (PPA).

Están regulados pola Lei 46/2002, de reforma parcial do IRPF. Trátase dun contrato de Seguro consistente no pagamento de capital garantido no momento da xubilación. Non é rescatabile, salvo desemprego de longa duración ou enfermidade grave, que non tería penalización.

### 4. Unit Linked.

Máis que un produto de aforro é un produto de investimento, onde a persoa tomadora do seguro asume todo o risco do investimento. Non existen límites nas achegas e tense total dispoñibilidade sobre estas.

Existen outras modalidades de aforro, como os Seguros de Capital Garantido, Rendas Vitalicias e Temporais, Seguros de Rendas... O máis importante é que a contratación destes sexa o máis personalizada posible, atendendo as verdadeiras necesidades e as circunstancias e para iso, o mellor é acudir a persoas expertas e profesionais como estamos na "Correduría".

## Lúa de mel ou lúa de fel?

Canto vas gastar na voda? E se un imprevisto che fai, no peor dos casos, cancelar a Lúa de Mel, canto perdes?

San Valentín non permitirá que isto che aconteza, pero, por se acaso, debes saber que un Seguro de Viaxes cobre a anulación ou interrupción, asistencia sanitaria no destino, atraso nos voos, perdas de equipaxe, reparación e Responsabilidade Civil.

Paga a pena.



## Ata que a voda nos separe

Á americana Quinn Duane plantouna o seu noivo horas antes da cerimonia. Non puido cancelar o banquete e decidiu reutilizar os 35.000 dólares que custaba en invitar a comer 90 persoas que vivían na indixencia.

Se tivese contratado un Seguro de Cancelación de Eventos podería recuperar o seu diñeiro. Tamén considera unha indemnización por quebra de provedores, roupa para a cerimonia, regalos, flores, transportes...

Aínda non o tes? Eu si o quero!



Recomendación